

MEMORIA DE ACTIVIDADES DE 1994

A FUNDACIÓN NOVAS, recoñecida como entidade benéfico docente de interés galego e así registrada no Protectorado de Fundacións Galega da Xunta de Galicia, naceu da idea do seu fundador, D. José Novas Regueira, que decidiu crear unha fundación que, radicada na súa parroquia natal de Beluso, no concello pontevedrés de Buue, tovera como un dos seus fins a concesión de becas e axudas a estudantes que estean a facer os seus estudos universitarios, e que ademáis de ter un bo currículo académico, as súas familias teñan baixos ingresos económicos.

Para levar adiante o proxecto da Fundación, o sr. Novas Regueira encomendoulle estes traballos, como quefa reflectada na escritura pública de constitución da entidade benéfica, aos membros do Padroado, integrado polo seu Presidente, d. Jesús Portela Medraño; o vicepresidente, D. Francisco León Alvarez; o tesoreiro, D. Manuel Novas Rey, e o segredario, D. José Otero Baena. O benefactor ocupa a Presidencia de Honra do Padroado.

A FUNDACION NOVAS foi constituída como tal por unha escritura pública notarial otorgada en Pontevedra o día 12 de xullo do 1993 afe do notario D. Rafael Sanmartín Losada, baixo o número 1.508 e na cal figuran incorporados os seus estatutos. Tra-la súa presentación na Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, foi inscrita no censo de entidades co número G36.194.967. O día 9 de marzo de 1994, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta, comunícase que no Diario Oficial de Galicia (DOGA) do día 4 de marzo, declárase que a FUNDACION NOVAS é recoñecida como “benéfico docente de interés galego” e queda inscrita como tal co número 174 no Rexistro Auxiliar de Fundacións de Interés Galego do Protectorado de Fundacións.

Na primeira reunión do Padroado da FUNDACION NOVAS, na súa sede social de Ruanota, número 46, en Beluso, por parte do fundador así como dos membros do equipo rector desta entidade, tomou o compromiso de levaradiante os fins recollidos nos Estatutos, que non son outros que axudar aos estudantes de Bueu que por problemas económicos non poidan acceder a estudos superiores, e tamén, a facilitar axudas económicas para o desenvolvemento cultural e académico dos colexios deste concello.

As primeiras xestións dos responmsables do Padroado foron encamiñadas a dar a coñecer aos distintos directores de colexios e institutos radicados no término municipal de Bueu, a posta en marcha da FUNDACION NOVAS, ao tempo que se lles fixo entrega de copias

dos Estatutos, para maior abundamento sobre os fins da entidade. Tamén, se mantivo unha reunión co alcalde da vila de Bueu, D. Manuel Freire Lino, na que o fundador e os outros membros do Padroado expuseron os fins da Fundación, facendo tamén entrega de copias dos Estatutos aos distintos grupos municipais da corporación.

Tra-la convocatoria, mediante avisos nos taboleiros de anuncios dos centros educativos do concello recibíronse as primeiras peticións de becas e axudas para estudos superiores. Así, no verán do 1994, na reunión mantida o día 22 de agosto, o Padroado procede a estudar a terna de candidatos a recibir as primeiras axudas da Fundación, terna proposta pola Dirección e o Consello Escolar do Instituto de Ensinanza Secundaria IESP “Johan Carballeira” de Bueu. Naquela reunión, á vista dos expedientes académicos presentados e da situación económica familiar pola que atravesan as súas familias, o Padroado decide conceder sendas becas anuais a Fátima Entenza Martínez, veciña do lugar de A Rosa, en Beluso, e a Juan José García de la Torre, veciño do lugar de Cabalo, tamén en Beluso. Ambolos dous alumnos do instituto “Johan Carballeira” tiñan unha media global de Matrícula de Honra e as súas familias tiñan parecidas circunstancias económicas. O Padroado tomou o acordo de conceder dez axudas mensuais de dez mil pesetas a cada un dos dous becados. Ditas axudas foron entregadas a ambolos dous mozos en presenza dos seus pais.

PRIMEIRAS BECAS

Fátima Entenza Martínez, nada o día 5 de maio de 1976, e con residencia en A Rosa, nº 38, en Beluso, filla de Francisco Entenza Pazos e María Martínez Torres, presentou un expediente académico en Primeiro Curso de BUP, de catro sobresaíntes, tres notables, un ben e un suficiente; no Segundo curso de BUP obtivo dez sobresaíntes; no Terceiro curso de BUP, obtén nove sobresaíntes e un notable, e, finalmente, en COU, acadou sete sobresaíntes e un suficiente, sendo a nota global de curso de Matrícula de Honra. Matricúlase na Facultade de Filología Inglesa no campus de Vigo da Universidade de Sur de Galicia.

Juan José García de la Torre, nado o 15 de setembro do 1976, e con residencia en Cabalo, nº 35, en Beluso, fillo de José Antonio García González e de Juana de la Torre Estévez, presentou un expediente académico en Primeiro de BUP de dous sobresaíntes e oito notables; en Segundo de BUP consegue sete sobresaíntes e tres notables; en Terceiro de BUP obtén oito sobresaíntes e dous notables, e, finalmente, en COU logra oito sobresaíntes nas oito

materia do curso, cunha media global de Matrícula de Honra. Matricúlase na Facultade de Ciencias Sociais, Publicidade e Relacións Públicas no campus de Pontevedra da Universidade Sur de Galicia.

Pese a escasez de medios económicos, xa que vai a funcionar neste primeiros meses de andadura coa aportación de diñeiro en metálico feita polo propio fundador na espera de vender a propiedade que cedeu como ben para constituir a Fundación, o fundador e o Padroado decidiron conceder estas dúas primeiras becas.

No decurso deste ano, o fundador e Presidente de Honra do Padroado decidiu aportar outra das súas propiedades ao capital da súa Fundación. O sr. Novas Regueira, propietario dun apartamento e unha praza de garaxe nunca urbanización do concello malagueño de Marbella, ao traveso dunha sociedade da que era propietario, dissolve esta sociedade e pasa estes bens a nome da FUNDACION NOVAS.

O Padroado tivo que reunirse no mes de outubro para aceptar esta doación, que, tra-las oportunas xestións, foi inscrita a nome da Fundación no Rexistro da Propiedade de Marbella. Esta propiedade está sendo explotada en réximen de aluguer pola Fundación durante algunahs semanas ao ano, xa que está ubicada nun antigo hotel reconvertido en edificio de apartamentos, nunca zona de grande atractivo e actividade turística.

Este primeiro ano de funcionamento da nosa entidade cerrouse coa proposta presentada polos grupos municipais do Concello de Bueu de abrir o oportuno expediente co fin de nomear ao noso fundador, D. José Novas Regueira, como “Fillo Predilecto” de Bueu.

Beluso, 30 de xuño de 1995.
D. Jesús Portela Medraño.
Presidente do Padroado.